

REGULAMENTO INTERNO DA LONXA DE O FREIXO

O artigo 20 do Decreto 419/1993, do 17 de decembro (DOG do 20/01/1994) polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, de 8 de xuño (DOG 23/06/2006) , establece que as entidades xestoras de lonxas deberán confeccionar un regulamento de réxime interior, o cal, unha vez aprobado polo órgano competente, se lle remitirá á Consellería do Medio Rural e do Mar.

O xestor da lonxa aprobará un regulamento de réxime interior no que necesariamente, segundo o artigo 20º do dito decreto, se deberá contemplar o horario de vendas, sistemas de quendas de venda, puntos de venda autorizados, efectividade da venda, dereitos e deberes dos compradores e vendedores, cobros e pagamento, rexistro de vendas, composición da comisión de vendas, de existir, e función da mesma, debendo dar traslado deste regulamento á consellería competente en materia de pesca.

Un dos aspectos fundamentais que se recollen neste regulamento verso sobre o sistema de avais ou garantías a aportar polos compradores que operan nas lonxas. Trátase de evitar a existencia de cantidades impagadas polos compradores e que teñen graves efectos sobre a viabilidades dos xestores de lonxa. Incorpórase, así mesmo, a posibilidade dunha levanza dun rexistro de morosos, de xeito que , non impedindo a compra destas persoas noutras lonxas, estas esixan tódalas garantías precisas para cubrir o importe das transaccións comerciais que realicen no seu establecemento.

DO HORARIO DE VENDAS

1 A venda realizarase de luns a xoves, e durante o mes de decembro será de luns a venres. Quedan exceptuados aqueles días declarados non laborais en todo o territorio nacional, da comunidade autónoma ou no ámbito do concello, así como aqueles días declarados de festividade do sector ou aqueles días que, por acordo da Xunta Xeral da entidade, se acorde a non apertura dos bancos marisqueiros.

2 A entidade xestora organizará as vendas dos diferentes tipos de pesca cos horarios axeitados ás arribadas da flota.

3 Segundo o punto anterior, o horario de lonxa será de 08.00 a 18.00 horas. A modalidade de venda será mediante a poxa ou calquera outra autorizada.

4 A lonxa permanecerá pechada para a actividade comercial fóra dos horarios determinados previamente ou ao rematar a última poxa.

5 A entidade xestora da lonxa poderá, en casos excepcionais, modificar o horario da poxa, se existe, comunicando dita modificacións á consellería competente en materia de inspeccións pesqueira.

DA VENDA

1 Está permitida calquera modalidade de venda que os produtores pretendan levar a cabo, garantindo o xestor da lonxa a transparencia na mesma.

2 Cando haxa poxa, esta realizarase de xeito conxunto, clasificado o produto por especies e tamaños, sempre e cando proceda das autorización que esta entidade administra; no caso de non ser así, cando o produto proceda doutras concesión ou autorización, este clasificarase e procederase á venda mediante poxa, se existe, a *posteriori* por rigorosa quenda de chegada das especies á lonxa.

3 A entidade xestora da lonxa poderá establecer os sistemas de comercialización dos produtos da lonxa, cumprindo o indicado no punto 1 deste apartado, comunicando de xeito voluntario á consellería competente en materia de pesca as modalidades de venda cunha periodicidade semestral.

4 Non se permitirá a comercialización das especies de tamaño ou peso inferior ao regulamentario, nin aquelas especies que se atopen en veda ou peso inferior ao regulamentario, nin aquelas especies que se atopen en veda ou con prohibición expresa de extracción por motivos de saúde pública.

5 A entidade xestora da lonxa poderá retirar aquelas especies que estime non ser aptas para a súa comercialización e daralle conta ao/os propietario/s das ditas especies e, se é necesario, tomaranse as medidas que sexan precisas para cumprir a lexislación vixente en materia de comercialización e sanidade pública. De todo isto, daralle conta á administración competente. Neste caso, enténdese autorizada á lonxa para reter esa especie ata que acudan os axentes de inspección pesqueira ou o persoal da administración sanitaria competente.

6 Dentro da zona de venda soamente queda permitida a presenza de compradores e persoal autorizado pola entidade xestora da lonxa, debidamente identificados.

7 Unha vez expostas as especies, estas non poderán ser manipuladas, tocadas ou examinadas por ningún dos posibles compradores, podendo realizar esta función única e exclusivamente o persoal da lonxa.

8 Adxudicadas en firme as especies poxadas, o comprador ou adquirinte das mesmas non poderá renunciar á compra, sen prexuízo de futuras reclamacións.

DAS OBRIGAS DOS VENDEDORES.

1 Soamente poderán vender marisco en fresco as persoas físicas ou xurídicas que teñan en vigor o oportuno permiso de explotación.

2 Os propietarios das especies vendidas nesta lonxa están obrigados a aboar as porcentaxes de venda fixadas polo xestor da lonxa para os vendedores, así como tódalas tarifas, taxas e impostos de aplicación a esta actividade económica, que se farán constar na factura emitida pola lonxa.

3 A entidade xestora da lonxa cobraralle ao propietario das especies, polos servizos da lonxa, unha porcentaxe sobre o valor da pesca ou marisco. Dita porcentaxe será acordada polo xestor da lonxa, e deberá expoñerse no taboleiro de anuncios da lonxa.

A entidade xestora da lonxa poderá cobrarlle aos vendedores, polos servizos de control e por retirada dos produtos na poxa, ata o un por cento sobre o valor do peixe ou marisco.

4 Os propietarios das especies deberán respectalos topes de captura acordados. No caso de exceso de tope, este será devolto ao mar para o marisqueo, e noutros casos será entregado a institucións benéficas. Nestes casos o propietario da especie xunto con dúas persoas máis designadas polo xestor da lonxa realizarán tal encomenda, levantándose acta da mesma, da que se lle dará unha copia a tódolos implicados.

5 Os propietarios das especies deberán acreditar pasar polos puntos de control e de pesada das capturas indicados polo persoal da lonxa, respectando as quendas e horarios establecidos.

6 Os propietarios das especies deberán facilitar ao persoal da lonxa a documentación que acredite a súa condición cando sexa requirido polo persoal da lonxa.

7 Os propietarios das especies deberán facilitar ao persoal da lonxa a documentación que acredite a súa condición cando sexa requirido polo persoal da lonxa.

8.- A entidade xestora da lonxa, no momento de recibir a mercadoría, emitirá un albará ao vendedor e que terá que conter necesariamente aos seguintes datos:

- Entidade xestora.
- Identificación do produtor ou embarcación.
- Identificación das capturas e cantidade de quilos.
- Data.

9 O vendedor terá dereito a ser informado dos prezos resultantes da poxa, mediante a publicación diaria no taboleiro de anuncios da lonxa o día das vendas.

10 O vendedor terá dereito a percibir no día acordado pola lonxa, xa sexa semanal, quincenal ou mensualmente, o importe das vendas efectuadas, mediante o cargo en conta.

11 O vendedor terá dereito a que se lle expida unha factura de venda polos produtos vendidos.

12 O vendedor poderá retirar da poxa as especies expostas para a venda. Se o vendedor non quere vender o produto na poxa inmediatamente posterior deberá cumprimentar a declaración de recollida e se o quere vender noutra lonxa o persoal da lonxa de o Freixo expediralle o documento de transporte.

13 O vendedor terá dereito a coñecer cunha antelación de 24 horas os cambios no horario de poxa, sistema de poxa, modalidade de cobro, apertura e peche de lonxa así como calquera outra modificación ou alteración no funcionamento da lonxa ou dos seus servizos.

DOS COMPRADORES.

1 Terán a consideración de compradores de produtos frescos da pesca e do marisqueo, conforme ao Decreto 419/1993, do 17 de decembro (modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño) e a Lei 11/2008, de 3 decembro, de pesca marítima de Galicia (modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro) os seguintes:

- a) Os vendedores por xunto de peixe ou marisco fresco, sexan persoas físicas ou xurídicas que estean de alta na matrícula de actividades económicas.
- b) Os comerciantes retalistas de produtos frescos da pesca.
- c) Os industriais que se dediquen a calquera tipo de transformación de peixe ou marisco en fresco.
- d) Os armadores, respecto das partidas da súa propia pesca sobre a que realicen directamente a venda e expedición, se é o caso, a outros centros de consumo.

2 Os citados compradores poderán adquirir os produtos postos á venda por medio dos mecanismos que dispón a lonxa (mandos de parada, a voz, compra remota diferida ou compra remota en tempo real).

Dereitos dos compradores

- a) Que se lles facilite tódolos medios materiais para participar na venda en igualdade de condicións, sen prexuízo do pago establecido polo uso deses medios.
- b) Unha vez rematada a venda mesma, teñen dereito a que se lle faga entrega do correspondente albarán, factura, que contará como mínimo cos seguintes datos:
 - Lonxa de orixe
 - Data de transacción
 - Identificación das especies transportadas e a súa cantidade
 - Lugar de destino (domicilio fiscal do comprador)

No caso de emitir factura, tamén deberá conter o indicado no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro.

Ademais, terán dereito a que se lles emita o correspondente documento de rexistro para o transporte de moluscos bivalvos vivos, dende a lonxa de orixe ata o destino debidamente autorizado.

- c) A que os importes das súas compras sexan cargados na conta bancaria que o comprador indique. No caso de variación na conta, o comprador deberao comunicar cunha antelación mínima de 5 días, debendo presentar unha garantía dunha entidade financeira.

DOS DEBERES DOS COMPRADORES

1 Os compradores desta lonxa estarán obrigados a:

- a) Presentar os avais de garantía que a entidade xestora da lonxa estime oportunos, para poder mercar na mesma.

b) Inscribirse no rexistro de compradores que a entidade xestora posúe nas súas dependencias.

c) Os compradores deberán colaborar co persoal o servizo da lonxa e obedecerán as súas instrucións durante o desenvolvemento da poxa.

2 Os compradores veranse obrigados a pagala mercadoría adquirida da seguinte forma:

a) Talón conformado, se non existe aval bancario, ou calquer outra que recolla garantía bancaria como “factoring”, “confirming”.

b) Domiciliación bancaria, previa existencia e esixencia de aval bancario.

c) Excepcionalmente, mediante pago ao contado.

Naqueles casos en que o comprador non faga efectivo o pago no prazo sinalado para o vencemento do mesmo, executarase a garantía presentada.

3 Aquel comprador que non regularice a súa situación económica coa lonxa non poderá acceder á poxa ata que salde tódalas débedas pendentes.

4 No caso de que se produzan continxencias de faltas de pagamento, o xestor da lonxa dará conta das mesmas ao resto dos xestores das lonxas, para a realizar un rexistro actualizado.

DAS OBRIGAS DO XESTOR DA LONXA

1 O xestor da lonxa deberá designar persoal propio durante o período da poxa para que realice as función de control e vixilancia, e non autorizará a mais persoas ou empresas para a realización da primeira venda que as que reúnan os requisitos establecidos na normativa vixente, debendo estar estes datos a disposición da consellería competente en materia de pesca.

2 O xestor da lonxa requirirá, por medio do persoal designado, a tódalas persoas ou entidades que pretendan vender na lonxa, que veñan doutros centros de descarga ou lonxas o correspondente ou documento de transporte, debendo comprobar que estes documentos cumpren coa lexislación vixente, e que se corresponden co produto que amparan. No caso de inexactitude nos datos, levantará a correspondente acta e o comunicará urxentemente á consellería competente en inspección pesqueira, paralizando a mercadoría sen poxala.

3 No prazo máximo de 48 horas despois da venda, o xestor da lonxa deberá remitir, á consellería competente en materia de pesca, en soporte informático, as notas de venda emitidas, sendo responsable da súa expedición e entrega, así como dos datos contidos en cada unha das notas.

4 O xestor de lonxa deberá levar un rexistro de compradores autorizados para participar na primeira venda, debendo comprobar que se atopen dentro dos colectivos contemplados na normativa vixente, prohibindo a compra aos particulares en cantidade superior aos tres quilos de produto.

5 O xestor de lonxa deberá prohibir a venda de toda especie de tamaño ou peso inferior ao regulamentario e daquelas especies que estean en veda ou con prohibición expresa de extracción. Estas especies serán retidas polo persoal do xestor da lonxa, dándolle conta á consellería competente en materia de inspección pesqueira aos efectos oportunos.

6 O local que se habilite polo xestor da lonxa para a realización da primeira venda deberá cumprir toda a normativa técnico-sanitaria vixente para este tipo de establecementos, debéndose facilitar á consellería competente en materia de pesca, previamente á autorización, certificación, licencia ou autorizacións pertinentes outorgadas polas autoridades competentes.

7 O xestor da lonxa será responsable do cumprimento da normativa contida no Regulamento CEE Nº 1224/2009 do 20 de novembro polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, o Real decreto 1822/2009 do 27 de novembro polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, o Decreto 419/1993, do 17 de decembro. polo que se refunde a normativa vixente en materia de comercialización pesqueira (modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño), e a Orde do 8 de febreiro do 2008, pola que se regula o control da descarga e transporte dos produtos pesqueiros frescos e os da acuicultura ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos vivos, .Así mesmo, será o responsable do cumprimento da normativa sobre etiquetaxe dos produtos pesqueiros.

8 O xestor da lonxa retornará o 1% das vendas efectuadas á confraría na que estea integrado o armador que venda o seu produto nese local.

9 Os produtores ou vendedores da lonxa cobrarán segundo a periodicidade que estableza o xestor da mesma.

10 En todo caso, os pagos aos produtores ou vendedores será en data posterior aos cobros aos clientes, para evitar posibles descubertos nas contas do xestor da lonxa.

11 A forma de pago aos vendedores realizarase por medio de transferencia bancaria, agás naqueles casos suficientemente xustificadas e previa petición por escrito. Neste suposto , os pagos realizaranse por calquera dos mecanismos de pago que deixen constancia do aboamento da cantidade obtida da poxa.

DA COMISIÓN DE VENDA OU LONXA

1.- A comisión de lonxa estará composta por 6 membros:

- a) O representante legal do xestor da explotación da lonxa. Patrón Maior.
- b) Un armador dunha embarcación que o seu porto base estea na localidade onde radique a lonxa.
- c) Unha mariscadora que venda habitualmente na lonxa. Naqueles porto onde non existan mariscadoras, esta será substituída por un mariñeiro dunha embarcación que o seu porto base estea na localidade onde radique a lonxa.

- d) Un exportador que desenvolva a súa actividade na lonxa.
- e) Un comprador de industria transformadora que desenvolva a súa actividade na lonxa.
- f) Un comprador maiorista/minorista.

2 Os representantes de cada un dos sectores indicados, serán elixidos por e de entre os seus membros.

3 O seu mandato, agás no primeiro membro, terá unha duración de 4 anos. O primeiro membro, a duración do mandato estará supeditado á duración do seu mandato no organismo ou entidade de orixe.

DAS FUNCÍONS DA COMISIÓN DE VENDA OU LONXA

Son función da comisión de lonxa:

- a) Propoñer as reformas do regulamento de réxime interior e de funcionamento da lonxa, que consideren necesarias para garantir o seu bo funcionamento.
- b) Dirimir os conflitos xurdidos entre vendedores, compradores e lonxeiros, como consecuencia do funcionamento da lonxa.
- c) Aplicar o presente regulamento e aclarar calquera dúbida xurdida na súa aplicación.
- d) Emitir un informe anual, nos tres primeiros meses do ano natural seguinte ao peche do exercicio, sobre o resultado da explotación da lonxa que será exposto por un período de quince días no taboleiro de anuncios da lonxa.

Unha copia do presente regulamento presentarase á consellería competente en materia de inspección pesqueira.

Reunida a Xunta Xeral da Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia como órgano xestor da lonxa, no día da data, aprobouse o presente Regulamento.